

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 3 DE NOVIEMBRE DE 2010

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día tres de novembro deste ano, baixo a presidencia da Ilma. Sra. Segunda Tenenta de Alcalde, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, en funcións de Alcaldesa, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ (que se incorpora á sesión no punto número 11/677), DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS, DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ e DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbanse as actas das sesións ordinaria e extraordinaria da Xunta de Goberno Local, correspondentes ós días 27 e 29 de novembro de 2010, respectivamente.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a concesión de licenza municipal de instalación e de licenza de obras de legalización de nave e adecuación interior para almacén de produtos farmacéuticos, medicamentos e preparados dietéticos na rúa Dos Carpinteiros, parcela 92, subparcela 18.

Tamén se acorda a concesión da licenza municipal de instalación da actividade de taller de deseño e fabricación de rótulos vinílicos na rúa Dos Carros, ruelleiro E, parcela 4.2.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para demolición de naves taller sitas na rúa Afonso X O Sabio; para demolición de edificación sita na Fervedoira; para demolición de edificio sito na rúa San Marcos, número 8; para movementos de terras con acondicionamento de terreos para a plantación de *prunus aviun*, na parcela 26, polígono 11, Santalla de Esperante e para renovación das instalacións de detección e extinción de incendios no Arquivo Histórico Provincial, sito na rúa Cambria.

Acórdase a denegación de licenza para cambio de uso de rocho e local de comunidade a vivenda no aproveitamento baixo cuberta do edificio sito na rúa Montirón, número 65-67.

Así mesmo, acordase a concesión da licenza de primeira utilización para o edificio sito na U.A. S-12, rúa Illa Coelleira, número 5, con licenzas de obra números 623/07, 338/08, 846/10.

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acórdase a incoación de procedemento disciplinario a un funcionario municipal.

Acórdase a incoación de procedemento disciplinario a un funcionario municipal.

Acórdase a incoación de procedemento disciplinario a un funcionario municipal.

Acórdase a incoación de procedemento disciplinario a un funcionario municipal.

Acórdase a incoación de procedemento disciplinario a un funcionario municipal.

Tamén se acorda a autorización para a realización de servizos extraordinarios para levar a cabo durante o 4º trimestre de 2010 e 1º semestre de 2011 por persoal adscrito a Minorías Étnicas e a aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a adxudicación provisional na contratación das obras correspondentes ao plan de sinalización horizontal da cidade de Lugo.

Acórdase a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares e as condicións técnicas, así como do gasto e a adxudicación por procedemento

ACTAS E GOBERNO

LRP/cvr

Ref#: 10extractoxg50.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 3-11-2010

negociado para a contratación da subministración de pezas de uniforme e complementarios para a Policía Local e da apertura do procedemento de contratación.

Tamén se acorda a interposición de recurso de alzada contra a resolución da Tesourería Xeral da Seguridade Social relativa á derivación de responsabilidade solidaria polas débedas xeradas pola antiga adxudicataria da xestión do Matadoiro Municipal.

Lugo, 3 de novembro de 2010
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García